



Recordatorio de deberes dirixido ao Concello de Betanzos, de que tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

Expediente: N.9.Q/1873/22

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No escrito presentado, o reclamante pon de manifesto que:

Como representante do Grupo Municipal do Partido XXX de Betanzos o pasado 06/10/2021 solicitamos a través da sede electrónica do Concello de Betanzos documentación relativa a unhas actuacións realizadas na zona de afección do BIC Parque do Pasatempo, sen que a día de hoxe se nos dera resposta."

SEGUNDO.- Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu e na que, esencialmente, se pon de manifesto o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Preséntase a solicitude por parte do Valedor do pobo en relación co EXPEDIENTE: N.9.Q/1873/22 no que se SOLICITA INFORME EN RELACION A QUEIXA PRESENTADA POR XXX,

REPRESENTANTE DO GRUPO MPAL DO XXX, POR NON TER RECIBIDO DOCUMENTACION SOLICITADA SOBRE ACTUACIONES NO PASATEMPO.

SEGUNDO. O 07.06.2022 o Valedor do Pobo con rexistro de entrada 202200000001555 reitera a solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

— A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

—A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

— A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

—O artigo 13.d da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

—O capítulo III do Título I da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

—A Disposición Adicional Segunda da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de 2018, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais.

—O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido no artigo 13.d da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os cidadáns teñen dereito a acceder á información pública, arquivos e rexistros nos termos e coas condicións establecidas na Constitución, na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais leis que resulten de aplicación.

Pola súa banda, o artigo 12 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do capítulo III do Título I da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e que sexan elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

SEGUNDA. O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinala expresamente outro medio. Cando non poida darse o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.

Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, logo de conceder devandito acceso, transcorra o prazo para interpor recurso contencioso administrativo sen que se formalizou ou sexa resolto confirmando o dereito a recibir a información.

Se a información xa foi publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela.

O acceso á información será gratuíto. No entanto, a expedición de copias ou a trasposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á esixencia de exacciones nos termos previstos na Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, conforme á normativa autonómica ou local que resulte aplicable.

TERCEIRA. A notificación da resolución deberá conter o texto íntegro desta, con indicación de se pon ou non fin á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, o órgano ante o que deben presentarse e o prazo para interpoles.

Esta resolución será recorrible directamente ante a Xurisdición Contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interperse una reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo

á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, nos termos previstos no artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.0) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. RESOLVO:

PRIMEIRO.- Indicar que a información solicitada xa foi contestada no Pleno Extraordinario de data 26/02/2021, comparecendo o Concelleiro-Delegado de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Betanzos para informar e dar conta das actuacións levadas a cabo nas inmediacións da Fonte das Catro Estacións do Parque do Pasatempo

O dito pleno foi telemático e consta a gravación do mermo no enlace de acceso público.

Ademais, a correspondente acta foi gravada con audio e vídeo, constando no expediente do XXXe en youtube: XXX.

A devandita acta e o enlace da gravación foi entregada a todos os grupos que conforman a Corporación. Polo tanto, enténdese que o acceso á información no relativo a este asunto está máis que garantido.

SEGUNDO.- Notificar ao interesado e á Valedora do Pobo a resolución, de acordo co establecido nos artigos 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, e 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que:

“Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado”.

SEGUNDA.- O artigo 14 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que:

“1. Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no prazo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.

3. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa haberá de facerse a través de resolución ou acordo motivado”.

TERCEIRA.- Neste senso debemos distinguir entre a petición de acceso á información e a formalización do acceso, é dicir, a posta a disposición da información solicitada.

A normativa referida no apartado anterior (LBRL e ROF) só contempla e regula a petición ou solicitude de información pero non a súa posta a disposición.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno na Disposición Adicional 1ª establece que:

“Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información”.

Dado que, como xa quedou exposto, a LBRL non regula a posta a disposición da información solicitada polos concelleiros dunha corporación local senón só á solicitude da

correspondente información, entendemos que procede a aplicación supletoria da Lei 13/2013, que neste senso recolle no artigo 22 “*que cando non poida darse o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días*”. O que supón que estimada a solicitude de información, esta deberá ser facilitada ao solicitante, na medida en que sexa posible, no momento da notificación da resolución da solicitude ou, se non fora factible, nun prazo non superior a dez días.

CUARTA- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Betanzos o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se presentara.

Cando non poida facilitarse a información no momento da notificación da resolución de solicitude da mesma, deberá facilitarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación o principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os

antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)